

LIDERA

Newsletter nº 10

Decembro 2019

LIDERA, OU COMO DINAMIZAR A ECONOMÍA TRANSFRONTEIRIZA A TRAVÉS DA MOCIDADE




O ambiente de cooperación foi unha constante durante toda a xornada

O proxecto Catalizador de Oportunidades de Emprego e Emprendemento Xove Transfronterizo (LIDERA) comeza o seu esforzo integrador en 2016, froito do traballo conxunto da **Dirección Xeral de Xuventude**, a **Fundación Galicia Europa**, a **Cámara de Comercio de Santiago**, o **Instituto Português do Desporto e da Juventude (IPDJ)** e a **Federación Nacional de Asociaciones Juveniles Portuguesa (FNAJ)**. Este consorcio de entidades decátase da necesidade de fomentar o desenvolvemento económico transfronterizo na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal; deciden unirse e embarcarse nun proxecto que apunta directamente á mocidade como motor de cambio no territorio.



Ao longo destes anos de actividade LIDERA impulsou un crecemento integrador a través da cooperación transfronteiriza, unindo á xuventude de ambos lados do Miño para promover o intercambio cultural ao mesmo tempo que se lles infunde un amor pola súa terra, inspire a súa creatividade e o seu espírito emprendedor. Grazas á organización periódica de xornadas, actividades, eventos e talleres formativos LIDERA



A revista presenta os proxectos dos participantes

conseguiu poñer en valor as capacidades laborais dos seus participantes, mellorando a súa autopercepción e dotándoos das ferramentas necesarios para que plasmes as súas ideas nun proxecto europeo de cooperación transfronteiriza.



O pasado martes 17 de decembro celebrouse en Ourense a xornada “Conectados Sumamos”, na que se presentaron os resultados do proxecto LIDERA e a revista na que se amosan una decena de proxectos

nacidos no seu berce, ambas actividades dirixidas e organizadas pola Fundación Galicia Europa. Ao longo dunha maratoniana xornada, de máis de 9 horas, os asistentes tiveron a oportunidade de coñecer algún dos proxectos da man dos seus creadores, asistir a coloquios sobre o futuro da cooperación transfronteiriza, talleres para mellorar as súas habilidades de presentación en público, compartir espazos de *networking*, dinámicas de *gamificación* e, por último, presenciar ou participar na “Batalla de presentacións”. Nesta última actividade catro dos dezaseis proxectos presentados



recibiron, como recompensa pola súa creatividade, conveniencia e a capacidade para transmitir á audiencia a súa paixón, os servizos de apoio que ofrece LIDERA en forma de mentorías e material para facilitar a difusión do proxecto.



Os premiados gozarán de mentorías personalizadas e material promocional para os seus proxectos

“Conectados Sumamos” foi, en definitiva, o reflexo condensado dos dous últimos anos de actividade, co ambiente humano de cooperación e a percepción de que cada vez é menos necesario utilizar a apostila “transfronteiriza”. Porque LIDERA é: creatividade, liderado, crecemento, dinamización, emprendemento, cooperación, formación... Pero non é nada sen: Tania, Beatriz, Ivone, André, Patricia, Rocío, Diana, Mara, Pilar, Vítor, Dani...

Á vista dos resultados destes dous anos de traballo, a través de diferentes actividades, accións e publicacións está claro que se están a



dar os primeiros pasos dun grupo de traballo formado por mozos, entidades, institucións, asociacións... que teñen como obxectivo unir, aínda máis, a dúas terras irmáns e que queren ser exemplo de cooperación transfronteiriza en toda a Unión Europea. Ao longo deste período acadouse un ambiente de traballo amigable e ilusionado, que motiva para seguir enfrontándose a desafíos e retos presentes e futuros. No 2020 continuaremos a facilitar espazos de encontro con todos os diferentes actores implicados no territorio.



Joe Santos amosounos que LIDERA é máis que a suma das súas partes



Con Mara Filgueira aprendimos o valor de escoitar aos nosos maiores e que a ópera se pode misturar co break-dance

